

PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA
DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

CPI A CAÑIZA (SECUNDARIA)

CURSO ACADÉMICO 2022-23

INDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN: O CENTRO e a CONTORNA.	px.4
2. O DEPARTAMENTO DE FRANCÉS.	px 4
a) Profesorado.	
b) Distribución do alumnado.	
c) Libros de texto e Material Didáctico.	
3. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DA E.S.O.	px 5
a) Xustificación da programación.	
b) Contexto educativo.	
c) Características dos alumnos.	
4. AS COMPETENCIAS CLAVE.	px 8
a) Competencias claves no sistema educativo.	
b) Contribución da materia de francés ás Competencias clave da ESO.	
c) Relación entre os estándares de aprendizaxe d materia e as competencias clave.	
5. OBXECTIVOS na LOMCE.	px. 13
6. RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES, RESULTADOS DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE PARA CADA ANO DA E.S.O. (LOMCE)	px. 15
	2º ESO px. 23
7. AVALIACIÓN DAS DESTREZAS: INDICADORES DE LOGRO DA ESO.	px. 24
8. METODOLOXÍA	px. 32
A) METODOLOXÍA SEGUNDO OS DIFERENTES ESCENARIOS DE PRESENCIALIDADE.	

- B) Fundamento da metodoloxía adoptada.
- C) A metodoloxía por tipos de contidos.

9. TEMPORALIZACIÓN.	px. 39
10. CONTIDOS MÍNIMOS DA ESO.	px. 39
11. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.	px. 42
12. PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.	px. 44
13. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.	px. 44
a) A obtención da nota trimestral.	
b) A obtención da nota anual de xuño.	
14. ATENCIÓN À DIVERSIDADE	px. 45
15. TEMAS TRANSVERSAIS	px. 46
16. ACCIONS DE CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LECTOR.	px. 47
17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN TIC.	px. 52
18. EDUCACIÓN EN VALORES.	px. 52
19. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN DE CONVIVENCIA.	px. 53
20. PLAN DE SEGUIMENTO E DE RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.	px. 54
21. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.	px. 55
22. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.	px. 56

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN: O CENTRO e a CONTORNA.

No CPI da Cañiza impártense as seguintes ensinanzas:

- INFANTIL
- PRIMARIA
- ESO

O CPI está situado no municipio da Cañiza, na provincia de Pontevedra. Os alumnos da etapa da ESO proveñen en parte do núcleo urbano e en parte do entorno rural (localidades e aldeas dos arredores coma Crecente, etc)

Na Cañiza, os alumnos teñen á súa disposición lugares para poder estudar ou buscar información como a Biblioteca municipal, lugares para desenvolver actividades diversas como centros socioculturais, unha aula de teatro e espazos para practicar actividades deportivas.

O CPI da Cañiza é un centro público cunha maioría de alumnos orixinarios da comarca pero tamén con alumnos procedentes da inmigración. Caracterízase por ser un centro integrador, que fomenta a convivencia educando en valores. Os alumnos do CPI da Cañiza son en xeral bilingües, castelán e galego falantes. Empezan a estudar unha primeira lingua estranxeira na Educación Primaria, xeralmente o Inglés e xa na Educación Secundaria, comezan a aprender unha segunda lingua estranxeira, o Francés.

2. O DEPARTAMENTO DE FRANCÉS.

a) Profesorado

O departamento de Francés continúa este curso 2021-2022 a ser unipersonal e queda constituído por Gabriela Hernández Fernández, profesora de ensino secundario con destino definitivo no centro que asume o cargo de xefa de departamento de Francés por primeiro ano.

b) Distribución do alumnado.

Os grupos de Francés son 8:

- 4 grupos de 1º de E.S.O con 2 horas de clase semanais.
- 4 grupos de 2º de E.S.O con 2 horas de clase semanais.

Este ano o centro non conta con grupo de 3º nin de 4º de francés debido á falta de alumnado.

Así a profesora de francés asume 16 horas de docencia da materia de Francés.

Grupos de Segunda Lingua Extranxeira Francés:			
1º da ESO	4 grupos	8h	
2º da ESO	4 grupos	8h	
TOTAL	8 grupos	16h	

O horario da profesora complétase con dúas horas de Proxecto competencial cun grupo de 1º de ESO e outro de 3º de ESO, dunha hora cada un e mais una hora de tutoría.

Grupos de Proxecto competencial			
1º da ESO (A+B)	1 grupo	1 hora	
3ª da ESO - B	1 grupo	1 hora	

Grupos de Tutoría			
1º da ESO - C	1 grupo	1 hora	

Así queda o horario lectivo completo con 18 horas de clase e una de tutoría, 19 en total.

A estas horas súmanse unha hora de garda, unha hora de consello escolar, unha hora de Atención a Pais e unha hora de Xefatura de Departamento, que fai un horario total de 23 horas.

c) Libros de texto e material didáctico.

O manual empregado en 2º de ESO é:

PARACHUTE 2

ED. SANTILLANA

O alumnado dispón de: un **Libro do alumno** e un **Caderno de exercicios**, cun **CD Audio**.

A a profesora poderá entragar materiais adicionais.

A profesora conta co material ligado os manuais de Parachute:

- Unha **Guía Pedagóxica**, en francés, con **fichas fotocopiabiles** para traballar os distintos temas a tratar na aula de xeito **complementario, traballo individual ou de avaliación adicional**.
- **Tres CD audio** para a clase.
- A **versión dixital** de todo o material anteriormente citado.

Poderíanse utilizar, ademais, en clase de francés documentos auténticos de diverso tipo (cancións, cintas de vídeo, xornais, películas, programas didácticos en Internet).

O departamento conta co seguinte material: 2 radiocassettes CD, dicionarios bilingües e monolingües, material audio (CDS e DVDS), lecturas adaptadas, gramáticas, libros de vocabulario e civilización, métodos variados, e un ordenador portátil.

Materiais complementarios para o alumno:

Na **biblioteca** do centro, o alumno ten á súa disposición: dicionarios para varios niveis, gramáticas con explicacións e exercicios para poder traballar de forma autónoma, cómics, lecturas graduadas e non graduadas, ...

No **departamento**, os alumnos teñen á súa disposición CDs que lles permitirán repasar contidos léxicos, fonéticos, gramaticais... relacionados coa programación de cada curso e lecturas adaptadas con CD que lles axudarán a preparar os exames orais

3. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DA E.S.O.

a) Xustificación da programación.

O incremento de relacións internacionais por motivos educativos, laborais, profesionais, culturais, turísticos ou de acceso a medios de comunicación, entre outros, fai que o coñecemento de linguas estranxeiras sexa unha necesidade crecente na sociedade actual. Ademais, o desenvolvemento de novas tecnoloxías converte as linguas estranxeiras nun instrumento indispensable para a inserción no mundo laboral e para a comunicación en xeral.

O dominio de linguas estranxeiras implica a posibilidade de acceder a outras culturas, costumes e idiosincrasias, ao mesmo tempo que fomenta as relacións interpersoais, favorece unha formación integral do individuo (desenvolvendo o respecto a outros países, os seus falantes e as súas culturas), e permítenos comprender mellor a lingua propia

A integración na Unión Europea de países con falantes de linguas diversas fai necesario o coñecemento de linguas estranxeiras para facilitar a comunicación entre os membros desta ampla Comunidade.

Neste contexto, recoñécese o papel das linguas estranxeiras como elemento clave na construción da identidade europea: unha identidade plurilingüe e multicultural, así como un dos factores que favorecen a libre circulación de persoas e facilitan a cooperación cultural, económica, técnica e científica entre os países.

Todas estas razóns levan a considerar a necesidade de que o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria termine os seus estudos co coñecemento de, polo menos, dúas linguas estranxeiras. O Consello de Europa insiste na necesidade de que as persoas desenvolvan competencias suficientes para relacionarse con outros membros dos países europeos. En consecuencia, estima que se debe dar un novo impulso ao ensino de idiomas que axude a desenvolver a idea de cidadanía europea,

e recomenda a adquisición dun certo nivel de competencia comunicativa en máis dunha lingua estranxeira durante a etapa educativa da Educación Secundaria Obrigatoria, así como de mecanismos que permitan continuar a aprendizaxe de idiomas durante a vida adulta. Ese Consello establece, así mesmo, un marco de referencia común europeo para a aprendizaxe de linguas estranxeiras, indicando que para desenvolver progresivamente a competencia comunicativa nunha determinada lingua, o alumnado debe ser capaz de levar a cabo unha serie de tarefas de comunicación.

O propósito fundamental é o desenvolvemento desta competencia comunicativa nos alumnos, adoptando un enfoque metodolóxico interactivo, formativo e global, para o que se tiveron en conta as últimas achegas e tendencias aparecidas no campo da didáctica das linguas estranxeiras, neste caso, Francés como segunda lingua estranxeira. É un enfoque interactivo pola ampla gama de actividades e recursos que o método ofrece, e formativo grazas á formulación comunicativa das actividades deseñadas que favorecen as actitudes de respecto e tolerancia. Por iso, este método quere desenvolver a competencia comunicativa dos alumnos por medio dunha achega na que os contidos lingüísticos non son unha finalidade en si mesmos, senón que se utilizan cun propósito importante: son necesarios para poder participar activamente nas tarefas deseñadas e comunicarse cos demais participantes.

As vantaxes e oportunidades que nos ofrece a lei de educación modificada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidad Educativa (LOMCE), as esixencias e necesidades cada vez máis pluriculturales da nosa sociedade, xunto coas directrices establecidas polo Consello de Europa no *Marco común europeo de referencia para as linguas*, son tres claves significativas.

A Lingua é considerada como vehículo esencial para a expresión de ideas, opinións o sentimentos e, por conseguinte, una vía privilexiada de apertura cara aos outros, e un instrumento indispensable para a adquisición de novas actitudes e coñecementos.

O estudo da lingua ten que ser un acercamento dirixido cara ao uso da lingua a través das actividades de comprensión, de expresión e de interacción oral e escrita cuxo obxectivo final é de contribuír a formación de cidadás e cidadáns cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida.

b) Contexto educativo e características dos alumnos.

Este curso 2022-2023 comeza sen medidas especiais pola Covid-19, aínda que senguen sendo recomendables certas normas de seguridade e hixiene implantadas presentes no curso 2021-2022 como o lavado de mans e a ventilación.

En calquera caso, estarase atento ás normas vixentes ao longo do curso relativas á Covid-19.

Polo demás, este ano, coma nos anteriores, para a elaboración da programación tomouse como punto de partida a análise do contexto educativo, que, obviamente, vai condicionar a tarefa educativa tendo en conta tanto a situación da materia de **Francés Segunda Lingua Estranxeira** dentro da etapa da ESO, como as características xerais dos alumnos .

A aprendizaxe do francés comeza no primeiro curso da etapa de secundaria, e ten o carácter de materia optativa de oferta obrigada polo centro en 1º e 2º de ESO, o que supón que un bo número de alumnos curse a devandita opción. Algúns alumnos con dificultades en Linguas quedan exentos de cursar a materia de Francés. Os

alumnos de 1º de ESO e os alumnos exentos de 2º de ESO propostos reciben reforzo de Lingua Castelá e reforzo de Lingua Galega. No segundo ciclo, é dicir, en 3º e 4º da ESO, a segunda lingua estranxeira continúa sendo unha optativa de oferta obrigada. Polo xeral, o número de alumnos que elixen esta materia diminúe porque aumenta o número de optativas entre as que poden elixir. Este ano o alumnado de 3º de ESO do centro escolleu maioritariamente a nova materia de Educación Dixital e non se formou grupo de Francés.

Tal como se establece no currículo oficial, nesta etapa lévase a cabo a aprendizaxe das destrezas discursivas que poden ter lugar en ámbitos diversos: o das relacións persoais, o educativo, o académico relacionado cos contidos da materia e doutras materias do currículo, o público e o dos medios de comunicación.

Dado que nos achamos nunha etapa educativa de carácter obrigatorio, o conxunto dos alumnos dun centro de Ensino Secundario representa a diversidade da poboación da contorna social na cal se atopa o centro educativo. En consecuencia, é habitual que dentro dun mesmo grupo, o interese cara ás distintas materias, así como o grao de motivación, poidan variar substancialmente dun alumno a outro.

c) Características dos alumnos

A Educación Secundaria Obrigatoria coincide, dende o punto de vista do desenvolvemento dos alumnos, coa preadolescencia, a primeira adolescencia e a adolescencia e nesas etapas advértense cambios importantes na personalidade do alumnado que afectan tanto ao seu desenvolvemento físico e intelectual como ao ámbito afectivo. As características máis sobresaíntes destas etapas son:

- Cambios fisiolóxicos, psicolóxicos e sociais característicos da adolescencia
- Preocupacións e intereses que non coinciden cos dos adultos, pero que se afastan significativamente das preocupacións infantís
- Progreso da capacidade de abstracción
- Uso creativo da linguaxe
- Capacidade para efectuar operacións léxico-formais, manexar símbolos, formular e comprobar hipóteses

Neste aspecto, o papel do profesor é esencial, posto que debe propor aos alumnos situacións que leven á elaboración de hipóteses e ao uso de estratexias . No caso da lingua estranxeira, este tipo de experiencias terán relación co funcionamento da lingua estranxeira, guiando aos alumnos cara á comprobación sistemática das hipóteses establecidas.

Ao mesmo tempo, coñecedores da diversidade social, cultural e individual do noso alumnado, propomos un método flexible que se adapte a distintos ritmos de aprendizaxe e que facilite así o noso papel de docentes, proporcionando situacións de aprendizaxe adecuadas aos intereses e necesidades do alumnado.

4. Competencias clave (LOMCE)

a) Competencias claves no sistema educativo.

A reforma educativa, seguindo as recomendacións do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006, da UNESCO e da OCDE, entre outras, baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, como complemento á aprendizaxe de contidos. Na definición que a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) fai do currículo, atopámonos cos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe entre os que se atopan as competencias básicas. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, o que supón un importante cambio dirixido a aquilo que o alumnado asimila e é capaz de facer, sobre todo polo que respecta ás competencias básicas que se consideran prioritarias para o desenvolvemento do alumnado.

Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre si en moitas ocasións, un proceso educativo orientado á acción, baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que haberán de ser demostrados polos alumnos (é algo máis que unha formación funcional). En suma, unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemase situacións en contextos diversos. De forma moi gráfica e sucinta, chegouse a definir como a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, os coñecementos en acción, é dicir, mobilizar os **coñecementos e as habilidades** nunha situación determinada (de carácter real e distinta daquela en que se aprendeu), activar recursos ou coñecementos que se teñen (aínda que se crea que non se teñen porque se esqueceron).

Hai un aspecto que debe destacarse; formar en competencias permite a aprendizaxe ao longo de toda a vida, facendo fronte á constante renovaciónde coñecementos que se produce en calquera área de coñecemento.

No noso sistema educativo (LOMCE), considérase que as competencias básicas que debe ter o alumno cando finaliza a súa escolaridade obrigatoria para enfrontarse aos retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística. (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital. (CD)
- Aprender a aprender. (CAA)
- Competencias sociais e cívicas. (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais. (CCEC)

Pero que entendemos por cada unha desas competencias? De forma sucinta, e recollendo o máis significativo do que establece o currículo escolar, cada unha delas achega o seguinte á formación persoal e intelectual do alumno:

Competencia en comunicación lingüística

Trátase dunha competencia moi complexa. Está vinculada á acción comunicativa dentro dunhas prácticas sociais, na que o individuo, ademais de producir, tamén recibe mensaxes con distintas finalidades. Supón a apertura dunha vía de coñecemento, dentro e fóra da escola, e enriquecemento cultural e constitúe un obxectivo de aprendizaxe permanente, considerando a lectura como o principal medio para a ampliación da aprendizaxe desta competencia.

O individuo, mediante a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación, pon en funcionamento unha serie de actitudes e valores como son o respecto ás normas de convivencia, o exercicio da cidadanía, o desenvolvemento dun espírito crítico, o respecto aos dereitos humanos e o pluralismo, a resolución de conflitos, o desenvolvemento das capacidades afectivas en todos os ámbitos, interese cara á aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes a esta competencia como fonte de pracer.

A competencia en comunicación lingüística está constituída por cinco compoñentes: lingüístico, pragmático-discursivo, socio-cultural, estratéxico e persoal, que se concretan en distintas dimensións na interacción comunicativa.

● Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Require coñecementos sobre os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e de razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e o mundo laboral. A súa adquisición supón, en suma, establecer unha relación profunda entre o coñecemento conceptual e o coñecemento procedimental, implicados na resolución dunha tarefa matemática determinada.

Esta competencia inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade. Os ámbitos integrados na competencia matemática son os referentes aos números, o álgebra, a xeometría e a estatística.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsable nel. Contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan ao individuo para identificar, expor e resolver situacións da vida cotiá, para actuar fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

O desenvolvemento destas competencias require unha serie de coñecementos científicos relativos á física, química, bioloxía, xeoloxía, matemáticas e tecnoloxías, que se derivan de conceptos, procesos e situacións interconectadas; así como unhas destrezas que permitan utilizar e manipular ferramentas tecnolóxicas, datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo.

As actitudes e valores integrados nestas competencias están relacionados coa asunción de criterios éticos, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a

valoración do coñecemento científico e a responsabilidade sobre a conservación dos recursos naturais e ambientais, así como a adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudable nunha contorna natural e social.

● **Competencia dixital**

Implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación. Supón a adecuación aos cambios que introducen as novastecnoloxías e a adquisición de novos coñecementos, habilidades e actitudes para ser competente nunha contorna dixital.

Require o coñecemento das principais aplicacións informáticas, e precisa do desenvolvemento de diversas destrezas relacionadas co acceso á información, o procesamento e uso para a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas en distintos contextos.

O individuo ha de ser capaz de facer un uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles co fin de resolver os problemas reais dun modo eficiente, así como avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas, a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.

A adquisición desta competencia require ademais actitudes e valores que permitan ao usuario adaptarse ás novas necesidades establecidas polas tecnoloxías, a súa apropiación e adaptación aos propios fins e a capacidade de interaccionar socialmente ao redor delas. Por outra banda, a competencia dixital implica a participación e o traballo colaborativo, así como a motivación e a curiosidade pola aprendizaxe e a mellora no uso das tecnoloxías.

● **Aprender a aprender**

Esta competencia supón, por unha banda, iniciarse na aprendizaxe e, por outro, ser capaz de continuar aprendendo de maneira autónoma, aspecto fundamental para a aprendizaxe permanente.

Aprender a aprender inclúe unha serie de coñecementos e destrezas que requiren unha reflexión e toma de conciencia sobre os propios procesos de aprendizaxe, polo que os procesos de coñecemento convértense en obxecto do coñecemento e hase de aprender a executalos adecuadamente.

As actitudes en valores crave na adquisición desta competencia son a motivación para aprender e a confianza para alcanzar as metas da aprendizaxe.

● **Competencias sociais e cívicas**

Estas competencias implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade para comprender a realidade social do mundo en que se vive e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade cada vez máis plural.

A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo e require a adquisición de coñecementos que permitan comprender e analizar os códigos de conduta e o comportamento adecuado para convivir en sociedade.

Os elementos fundamentais desta competencia son a capacidade de comunicarse de forma construtiva en distintas contornas e a seguridade nun mesmo, a integridade e a honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís.

Nesta competencia son fundamentais: a habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público, manifestar solidariedade e interese polos problemas da comunidade, o respecto dos dereitos humanos, a igualdade, a apreciación e comprensión das diferentes relixións ou culturas.

O desenvolvemento destas competencias implica afrontar os conflitos con valores éticos e exercer os dereitos e deberes cidadáns desde unha actitude solidaria e responsable.

● **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

Esta competencia refírese á capacidade de transformar ideas en actos, o que implica adquirir conciencia dunha situación e optar con criterio propio elevar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver a opción elixida e facerse responsable dela, tanto no ámbito persoal como no social ou laboral.

A adquisición desta competencia é determinante para a formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendimento

Esta competencia require uns coñecementos relacionados coa capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais; e unhas destrezas como a capacidade de análise, de planificación, organización, xestión, toma de decisións, resolución de problemas, liderado, pensamento crítico, avaliación e auto-avaliación.

Require o desenvolvemento de actitudes e valores como a predisposición para actuar de forma creadora e imaxinativa, o autoconocemento e a autoestima, a independencia, o interese e esforzo, e o espírito emprendedor.

● **Conciencia e expresións culturais**

Esta competencia implica coñecer, apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento persoal e considéralas parte do patrimonio cultural dos pobos.

Require coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a todos os niveis. Comprende a concreción da cultura e outras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá. Incorpora o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas e a identificación entre as diferentes manifestacións artísticas e a sociedade.

A adquisición desta competencia pon en funcionamento destrezas como a aplicación de diferentes habilidades de pensamento para poder comprender, valorar, emocionarse e gozar das diferentes manifestacións artísticas. Supón, ademais, actitudes e valores persoais de interese, recoñecemento e respecto por elas e pola

conservación do patrimonio.

b) Contribución da materia de francés ás Competencias clave da ESO.

Imos expoñer os aspectos máis relevantes no noso proxecto, a expensas do que a práctica educativa diaria poida aconsellar en cada momento:

● **Competencia en comunicación lingüística:**

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dunha maneira directa, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

▪ **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

A competencia matemática é utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos, así como a comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas competencias básicas o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos baseados en probas.

● **Competencia dixital**

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

● **Competencia para aprender a aprender**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendibilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias fanos máis eficaces.

Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

- **Competencias sociais e cívicas**

As linguas serven aos falantes para comunicarse socialmente, pero tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes da mesma.

Este feito favorece a comprensión da realidade social en que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade como as diferenzas.

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida en que a autonomía e iniciativa persoal involucran a miúdo a outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber adecuadamente aos demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, por tanto, poder reelaborar as formulacións previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

- **Conciencia e expresións culturais**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda que limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, por tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.

c) Relación entre os estándares de aprendizaxe d materia e as competencias clave.

A relación entre as competencias clave da ensinanza secundaria e os estándares de aprendizaxe da materia de francés lingua estranxeira, consúltese o punto 6.

5. OBXECTIVOS DA LOMCE.

A educación secundaria obrigatoria ten por finalidade lograr que os alumnos e as alumnas adquiran os elementos básicos da cultura, nomeadamente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar neles/as hábitos de estudo e de traballo;

preparalos/as para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral, e formalos/as para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigas na vida como cidadáns e cidadás.

Polo tanto, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade

entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo/a, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
 - i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
 - n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

6. RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES, RESULTADOS DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE PARA O 2º ANO DA E.S.O. (LOMCE)

2º de ESO

Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comprensión de textos orais				
a c	B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensa-xes orais:	B1.1. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal e pública moi básica (identificación persoal, gustos, etc.), así como instrucións	SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes	CCL CAA

Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
di	<p>Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala aquen, con que intencións, onde e cando) quedan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto;</p> <p>Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.</p> <p>Identificación de palabras clave.</p> <p>Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica)</p> <p>Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos.</p> <p>Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece, a partir do contexto e das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.</p> <p>B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.</p> <p>B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, re-escoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.</p> <p>B1.4. Memorización de expresións orais breves significativas (saúdos, despedidas, consignas de aula, preguntas sobre idade, orixe, etc.).</p>	<p>e peticións elementais relativas ao comportamento e actividades na aula.</p> <p>B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, onde e cando ocorre algo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas que posúen algo, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico, etc.) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.</p> <p>B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal e público moi elemental, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.</p>	<p>de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.</p>	CCEC CD
			<p>SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datos, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula.</p>	CCL CAA CCEC CD
			<p>SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeitomo pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p>	CCL CAA CCEC CD
			<p>SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais.</p>	CCL CAA CCEC CD
Bloque 2. Producción de textos orais				
acd	<p>B2.1. Estratexias de produción: Planificación:</p> <p>Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción.</p>	<p>B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</p>	<p>SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</p>	CSIEE CCL CAA CCEC

Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa	B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.		CD
	Execución: Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.	B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas e cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, efacéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.	SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.	CCL CAA CCEC CD
	Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente. Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o querealmente lle gustaría expresar), tras valoraras dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.	B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais e bens e servizos moi elementais, utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.	SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.	CCL CAA CCEC CD
	Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos. Lingüísticos: Modificación de palabras de significado parecido. Definición ou paráfrase dun termo ou expresión. Uso da lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta. Petición de axuda.		SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.	CCL CAA CCEC CD
			SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.	CCL CAA CCEC CD

	Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>Paralingüísticos:</p> <p>Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.</p> <p>Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal).</p> <p>Uso de elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.</p> <p>B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.</p> <p>B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compravenda e outras, igualmente cotiás moi básicas.</p>			
	Bloque 3. Comprensión de textos escritos			
a c d i	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <p>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</p> <p>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</p> <p>Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</p> <p>Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre signifi-</p>	<p>B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, aos títulos e a outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p> <p>B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas, e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles e traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual.</p> <p>B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a coñece-</p>	<p>SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.</p> <p>SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p>SLEB3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiás e propios da súa idade.</p>	<p>CCL CD CAA CSIEE</p> <p>CCL CAA CCEC</p> <p>CCL CAA CCEC</p>

Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>cados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e as experiencias noutras linguas.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>B3.2. Soletreo e asociación de graffa, pronuncia e significado a partir de modelos escritos e expresións orais coñecidas.</p>	<p>mentos e experiencias propias da súa idade.</p> <p>B3.4. Comprende textos propios de situacións cotiás próximas onde se dan a coñecer bens se servizos ou acontecementos (anuncios publicitarios elementais, folletos, catálogos, invitacións, etc.), e con apoio visual cando teña certa dificultade.</p>	<p>SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>
Bloque 4. Producción de textos escritos				
a c d i	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <p>Planificación:</p> <p>Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que sesabe sobre o tema, o que se pode ou se que-re dicir, etc.).</p> <p>Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).</p> <p>Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.</p> <p>Execución:</p> <p>Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.</p> <p>Estruturación do contido do texto.</p> <p>Organización do texto en párrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</p> <p>Expresión da mensaxe con claridade axustándo-</p>	<p>B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.</p> <p>B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.</p> <p>B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.</p> <p>B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.</p>	<p>SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.</p>	<p>CCL CD CAA CSIEE</p>
			<p>SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súasafeccións.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>
			<p>SLEB4.3. Escribese avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>
			<p>SLEB4.4. Escribese correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.</p>	<p>CCL CAA CCEC CD</p>

Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>se aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</p> <p>Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valoraras dificultades e os recursos lingüísticos dis-poníbles.</p> <p>Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "páreceme ben", etc.).</p> <p>Revisión:</p> <p>Identificación de problemas, erros e repeticións.</p> <p>Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</p> <p>Presentación coidada do texto (marxes, limpeza,tamaño da letra, etc.).</p> <p>Reescritura definitiva.</p>			
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe				
a c d i o	<p>B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.</p> <p>Sons e fonemas vocálicos.</p> <p>Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.</p> <p>Procesos fonolóxicos máis básicos.</p> <p>Acento fónico dos elementos léxicos illados ena oración.</p> <p>B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas. Uso das normas básicas de ortografía da palabra.Utilización adecuada da ortografía da oración:</p>	<p>B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.</p> <p>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.</p> <p>B5.3. Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas decortesía máis básicas.</p>	<p>SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</p> <p>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.</p>	<p>CCL</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p> <p>CD</p> <p>CCL</p> <p>CD</p> <p>CAA</p> <p>CCEC</p>

Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</p> <p>B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <p>Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.</p> <p>Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.</p> <p>Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p> <p>B5.4. Plurilingüismo:</p> <p>Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</p> <p>Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos</p>	<p>sicas nos contextos respectivos.</p> <p>B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</p> <p>B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</p> <p>B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente.</p>	<p>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</p> <p>SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p> <p>SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.</p>	<p>CCL CD CAA CCEC</p> <p>CCL CD CAA CCEC</p> <p>CCL CAA CCEC</p>

Segunda Lingua Estranxeira. 2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<p>lingüísticos ou culturais, e valorando as competencias que se posúen como persoa plurilingüe.</p> <p>B5.5. Funcións comunicativas:</p> <p>Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade.</p> <p>Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</p> <p>Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.</p> <p>Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.</p>			

Contidos sintáctico-discursivos do idioma francés :

Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*et*); disxunción (*ou*); oposición (*mais*); causa (*comme*); finalidade (*pour*); comparación (*le plus, le moins*); consecuencia (*alors*); explicativas (*parce que*).

Relacións temporais (*d'abord, ensuite, il y a*).

Exclamación (*quel + nom !, désolé !*) ; interxección (*si! Bravo !*). Negación (*pas de, rien*).

Interrogación (inversión (*V + Suj.*); *réponses (si, pron. tonique + oui/non*).

Expresión do tempo: presente; presente progresivo (*être en train de*); pasado (*passé composé avec avoir et être sans accords*); futuro (*futur proche*).
Introdución do condicional (fórmula de cortesía: *je voudrais*).

Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (frases simples + Adv. (ex: *souvent*); incoativo (*aller + Inf.*).

Expresión da modalidade: factualidade (*phrases déclaratives*); capacidade (*savoir*); posibilidade/probabilidade (*peut-être*); necesidade (il faut); obriga/ prohibición (*il faut, verbe devoir, impérativo*); permiso (*pouvoir, demander*); intención/deseo (*je voudrais*) ; cortesía.

Expresión da existencia (*il y a, il n'y a pas*); a entidade (p. ex. *articles contractés, pronoms réfléchis, adjectifs démonstratifs*); a posesión (adxectivos posesivos dun e de varios propietarios);a cualidade (formación regular e irregular dos adxectivos).

Expresión da cantidade: (plurais irregulares; números cardinais ata catro cifras; números ordinais ata dos cifras; *articles partitifs*). Adverbios de cantidade e medidas (*un (tout petit) peu, trop, pas assez + Adj., une boîte, un paquet*); o grao.

Expresión do espazo (*prépositions et adverbes de lieu (sur, sous,...), position, distance, mouvement, direction, provenance (venir + contraction de), destination (aller + contraction à)*).

Expresión do tempo: puntual (*demain matin, jeudi soir*); divisións (*en (année)*); indicacións de tempo (*demain, hier*); duración (*de... jusqu'à, en ce moment*); anterioridade (*il y a...*); posterioridade (*après*); secuenciación (*à partir de*); frecuencia (*d'habitude, une/deux/... fois par...*).

Expresión do modo.

7. AVALIACIÓN DAS DESTREZAS: INDICADORES DE LOGRO DA ESO.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	cc	<u>Comprensión de textos orais</u>			
		INDICADORES DE LOGRO			
		En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente
1. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara (p. ex. en estacións ou aeroportos), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.	CCL	Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara con dificultade e con necesidade de repeticións e con apoio xestual.	Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara co algunha dificultade e con necesidade de repeticións.	Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara sen ningunha dificultade e con necesidade de repeticións.	Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara sen ningunha dificultade e sen necesidade de repeticións.
2. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (p. ex. en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros de estudos).	CCL	Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas con bastante dificultade e con necesidade de repeticións e con apoio xestual.	Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas con apoio visual e con necesidade de repetición.	Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas con apoio visual sen necesidade de repetición.	Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas sen necesidade de repetición.
3. Comprende, nunha conversación informal en que participa, descricións, narracións e opinións formuladas en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre aspectos xerais de temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se o interlocutor está disposto a repetir ou reformular o devandito.	CCL - CAA	Ten dificultade en identificar as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición.	Identifica as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición.	Identifica as ideas principais nunha conversación informal con apoio visual e xestos, sen necesidade de repetición.	Identifica as ideas principais nunha conversación informal sen apoio visual nin xestos.
4. Comprende, nunha conversación formal en que participa (p. ex. nun centro de estudos), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos,	CCL	Ten dificultade en identificar as ideas principais nunha conversación formal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición.	Identifica as ideas principais nunha conversación formal con apoio visual, xestos e con necesidade de repetición.	Identifica as ideas principais nunha conversación formal con apoio visual e xestos, sen necesidade de repetición.	Identifica as ideas principais nunha conversación formal sen apoio visual nin xestos.

<p>sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</p>					
<p>5. Identifica as ideas principais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese articulados con lentitude e claridade (p. ex. noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen gran parte da mensaxe.</p>	<p>CAA</p>	<p>Ten dificultades en identificar as ideas principais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese con necesidade destes apoios: visual, xestos e repeticións.</p>	<p>Sabe identificar o sentido global e informacións esenciais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese con necesidade destes apoios: visual, xestos e/ou repeticións.</p>	<p>Sabe identificar o sentido global e informacións esenciais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese con necesidade de, polo menos, un destes apoios: visual, xestos ou repeticións.</p>	<p>Sabe identificar o sentido global e informacións esenciais de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese sen necesidade de apoio visual, xestos nin repeticións.</p>

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC	Producción de textos orais: expresión e interacción			
		INDICADORES DE LOGRO			
		En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente
1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, sobre aspectos concretos de temas xerais ou relacionados con aspectos básicos dos seus estudos, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas se se articulan clara e lentamente.	CC L	Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos.	Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos.	Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas dunha maneira clara, con algunhas pausas, sen necesidade de repeticións e con apoio de xestos.	Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito, e responde a preguntas breves e sinxelas dos oíntes sobre o contido das mesmas dunha maneira clara utilizando expresións previamente traballadas e apoiándose en xestos.
2. Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).	CC L - CS C	Desenvólvese con dificultade en xestións e transaccións cotiás, dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos.	Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos.	Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara, con algunhas pausas, sen necesidade de repeticións e con apoio de xestos.	Participa en interaccións sinxelas aparecendo nelas numerosos aspectos sociolingüísticos básicos comparando coa cultura francesa dunha maneira clara utilizando expresións previamente traballadas e apoiándose en xestos.
3. Participa en conversacións informais breves, cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, en que establece contacto social, intercambia información	CC L	Participa en conversacións cara a cara con algunha dificultade na comprensión e con problemas no uso de patróns sonoros, rítmicos e de	Participa en conversacións cara a cara con algunha dificultade na comprensión, pero cun uso de patróns sonoros, rítmicos e de	Participa en conversacións cara a cara dunha maneira comprensible con patróns sonoros, rítmicos e de entoación	Participa en conversacións cara a cara dunha maneira totalmente comprensible con correctos patróns sonoros, rítmicos e de entoación.

<p>e expresa opinións de maneira sinxela e breve, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.</p>		<p>entoación adecuados.</p>	<p>entoación adecuados.</p>	<p>adecuados.</p>	
<p>4. Desenvólvese de maneira simple nunha conversación formal ou entrevista (p. ex. para realizar un curso de verán), achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas habituais, e reaccionando de forma simple ante comentarios formulados de maneira lenta e clara, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.</p>	<p>CL C - CS C</p>	<p>Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira pouco clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos.</p>	<p>Desenvólvese nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara, con algunhas pausas, con necesidade de repeticións e sen apoio de xestos.</p>	<p>Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara, con algunhas pausas, sen necesidade de repeticións e con apoio de xestos.</p>	<p>Desenvólvese con dificultade nunha conversación formal ou entrevista dunha maneira clara utilizando expresións previamente traballadas e apoiándose en xestos.</p>

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES	CC	<u>Comprensión de textos escritos</u>			
		INDICADORES DE LOGRO			
		En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente
1. Identifica, coa axuda da imaxe, instrucións xerais de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián (p. ex. unha máquina expendedora), así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas (p. ex. nun centro de estudos).	CC L	Identifica con dificultade instrucións xerais, coa axuda da imaxe.	Identifica, coa axuda da imaxe, instrucións xerais.	Identifica, sen ningunha dificultade, instrucións xerais coa axuda da imaxe.	Identifica, sen apoio de imaxes, instrucións xerais.
2. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato en que se fala dun mesmo; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se	CC L	Identifica con dificultade a función comunicativa de correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras, en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna.	Identifica a función comunicativa de correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa	Identifica a función comunicativa e comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras e frases en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou	Identifica a función comunicativa e comprende sen ningunha dificultade correspondencia persoal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras e frases en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares

expresan de maneira sinxela sentimentos, desexos e plans, e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.			contorna.	da súa contorna.	ou da súa contorna.
3. Entende a idea xeral de correspondencia formal en que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (p. ex. sobre un curso de verán).	CC L	Identifica con dificultade a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras, en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna.	Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna.	Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna.	Identifica a función comunicativa de correspondencia formal sinxela en calquera formato recoñecendo palabras en textos escritos breves e sinxelos de temas familiares ou da súa contorna.
4. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos moi breves en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen gran parte da mensaxe.	CC L	Recoñece con moitas dificultades palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con moita axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema.	Recoñece con pouca dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con bastante axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema.	Recoñece con pouca dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con pouca axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema.	Recoñece sen ningunha dificultade palabras e frases de textos xornalísticos moi breves tanto en soporte dixital como impreso con pouca axuda visual e contextual para identificar o sentido global e o tema.
5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (p. ex. sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles.	CC L - CA A - CSC	Identifica con bastante dificultade palabras e frases en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas familiares para a comprensión do sentido global e información esencial do texto.	Entende con dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto.	Identifica con pouca dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto.	Identifica sen ningunha dificultade información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados para a comprensión do sentido global e información esencial do texto.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	CC	Produción de textos escritos: expresión e interacción			
		INDICADORES DE LOGRO			
		En vías de adquisición	Adquirido	Avanzado	Excelente
1. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións	CCL -	Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións marcando con moita dificultade os	Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións marcando con algunha	Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións marcando sen dificultade	Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións marcando case na súa

	CAA	datos ou outro tipo de información persoal.	dificultade os datos ou outro tipo de información persoal.	os datos ou outro tipo de información persoal.	totalidade os datos ou outro tipo de información persoal.
2. Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), en que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e normas de cortesía e de etiqueta máis importantes.	CCL - CD	Escribe con moita dificultade notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), en que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando poucas das estruturas dadas.	Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), en que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando con algunha dificultade as estruturas dadas.	Escribe notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), en que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando as estruturas dadas.	Escribe sen dificultade notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), en que realiza comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións utilizando na súa totalidade as estruturas dadas.
3. Escribe correspondencia persoal breve en que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións.	CCL	Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve con moita dificultade.	Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve utilizando un léxico adecuado, pero con dificultade.	Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve utilizando un léxico adecuado.	Escribe a partir dun modelo correspondencia persoal breve sen dificultade e utilizando un repertorio de léxico adecuado case na súa totalidade.
4. Escribe correspondencia formal moi básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información.	CCL - CSC	Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve con moita dificultade.	Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve utilizando un léxico adecuado, pero con dificultade.	Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve utilizando un léxico adecuado.	Escribe a partir dun modelo correspondencia formal moi básica e breve sen dificultade e utilizando un repertorio de léxico adecuado case na súa totalidade.

8. METODOLOXÍA.

a) METODOLOXÍA SEGUNDO OS DIFERENTES ESCENARIOS DE PRESENCIALIDADE.

METODOLOXÍA EN MODALIDADE PRESENCIAL.

Os fundamentos teóricos da metodoloxía que imos empregar atópanse descritos nos apartados a) e b) deste mesmo punto 8. No día a día a docente seguirá a disposición de contidos e tarefas propostas no libro de texto Parachute, no seu Cahier d'Exercices e os alumnos empregarán asímesmo o seu caderno personal para anotar explicacións da profesora, realizar actividades a maiores do libro e insertar material facilitado pola profesora que complete, reforce ou amplíe a proposta de Parachute Santillana.

Este curso non se prevén confinamentos nin corentenas por Covid-19, polo que non están previstas as modalidades non presenciais ou semi-presenciais. Aínda así, estarán creados todos os grupos na aula virtual do centro.

b) Fundamento da metodoloxía adoptada.

Para acadar os obxectivos mencionados, a concepción dos materiais tivo en conta de maneira permanente unha serie de consideracións ineludibles no marco dun proxecto educativo do século XXI: o enfoque comunicativo, a aprendizaxe activa, a integración do desenvolvemento das competencias de base e das novas tecnoloxías, a estimulación da lectura, e o feito de tomar en conta a diversidade.

ENFOQUE COMUNICATIVO

De acordo coas prescricións españolas e europeas en termos de programación sobre o proceso de ensinanza/aprendizaxe das linguas estranxeiras, un dos obxectivos elementais do proxecto é a mellora da capacidade de comprensión e de expresión oral e escrita dos alumnos.

Todas as unidades propoñen actividades de comprensión e expresión oral, a partir da escoita de textos reais: diálogos auténticos, cancións, etc. Os diferentes materiais invitan, ademais, os alumnos a participar constantemente en situacións comunicativas que os incitan a desenvolveren diferentes estratexias de interpretación e de produción de mensaxes orais.

De maneira análoga, en todas as unidades un primeiro traballo de observación de documentos das diferentes modalidades preséntase para que os alumnos poidan unha vez que as súas características temáticas e formais estean establecidas, imitar, recrear e reinterpretar estes elementos estruturais nas súas propias producións. Todas estas proposicións intentaron manter un equilibrio entre a práctica de textos comunicativos con propósitos, estruturas, construcións de frases ou rexistros que

respectan as convencións, e as suxestións de redacción máis lúdicas, abertas e creativas.

Conforme ao enfoque mencionado, a ensinanza dos ditos niveis lingüísticos presenta unha dobre faceta: dunha parte ampliar o léxico e a mellora da ortografía, e pola outra, a ineludible reflexión sobre as cuestións gramaticais, apuntando a explicitar o coñecemento do alumno co fin de que esta se converta principalmente en funcional en tanto que é un instrumento de comunicación.

APRENDIZAXE ACTIVA

O proceso de ensinanza/aprendizaxe da materia de Francés Segunda Lingua Estranxeira coñeceu unha transformación progresiva e inexorable ao longo dos últimos anos. Dunha clase maxistral, na cal o alumno escoitaba unha explicación gramatical e facía exercicios sobre os contidos presentados, pasamos a unha clase activa, na que o profesor, a partir de bases teóricas sucintas, guía as actividades dos alumnos e resolve as dúbidas que van xurdindo. É a razón pola cal os contidos estritamente teóricos dos libros foron integrados no seo do desenvolvemento comunicativo, desenvolvendo o espazo para os documentos e os exercicios.

As informacións teóricas, presentadas no seo de marcos illados, non deben ser consideradas como un descenso do nivel de esixencia; ao contrario, o predominio dunha actividade de reflexión no seo da clase é quizais a única maneira de garantir unha aprendizaxe significativa, así o indica R. J. Sternberg, “unha gran parte do coñecemento é efémera; as habilidades de pensamento, non o son nunca”.

ENFOQUE POR TAREFAS

Traballar con tarefas, nunha clase de lingua, reenvía a unha lóxica de aprendizaxe de tipo construtivista, centrada no alumno, na que a adquisición de novas competencias está sometida á resolución da tarefa en tanto que ela mesma. Nesta medida, o alumno está considerado como un actor social que debe dedicarse a varias tarefas (non só á lingua), nun medio dado, como o indica o Marco Europeo común de referencia: *“Se os actos de palabra se realizan nas actividades da fala, estas inscribíense por elas mesmas no interior de accións en contexto social no que elas soas dan a súa plena significación. Hoxe “tarefa” na medida que a acción é o feito dun ou de varios suxeitos que mobilizan alí estratexicamente as competencias das que dispoñen con vistas a chegar a un resultado determinado. O enfoque baseándose sobre a acción, toma entón en conta os recursos cognitivos, afectivos e volutivos, así como o conxunto das capacidades específicas que posúe e pon en marcha o actor social.”*

A tarefa global que se atopa ao final de cada unidade foi pensada de maneira paralela aos contidos das leccións. Así, o alumno prepárase realizando as minitareas ao final de cada lección, de maneira que a realización da tarefa global é o resultado do traballo efectuado nas tresleccións de cada unidade.

INTEGRACIÓN DAS COMPETENCIAS DE BASE

A noción de competencia constitúe o principio inspirador da proposición da Lei orgánica de educación en materia de programacións. As competencias de base, entendidas no seo dunha combinación de habilidades, de coñecementos e de actitudes apuntando á “aplicación de saberes adquiridos”, son definidas como *“as capacidades que debe desenvolver un mozo ou unha moza ao final da ensinanza obrigatoria, para poder alcanzar a súa plenitude persoal, exercer unha cidadanía activa, tomar parte na vida adulta de maneira satisfactoria e ser quen de desenvolver unha*

aprendizaxe permanente ao longo da súa vida”. Así, os diferentes ámbitos e materias teñen como obxectivo último contribuír á adquisición e ao desenvolvemento das competencias de base.

Das competencias emanan entón os obxectivos e os contidos de cada ámbito ou materia do programa tales como os criterios de avaliación, que achegan referencias que permiten apreciar o grao de adquisición destas por parte dos alumnos en cada estadio do proceso de ensinanza/aprendizaxe.

Naturalmente, o proceso lento e complexo que implica o desenvolvemento das competencias de base na formación integral do suxeito non pode ser limitado a un marco illado nos materiais dun proxecto educativo, pola contra, debe converterse no principio que rexe a concepción e a creación de todos os materiais que o compoñen.

É por isto que, no noso método a integración de estratexias para o desenvolvemento das competencias está presente en todos os aspectos da súa concepción: desde a elección dos textos e das imaxes, a exposición dos contidos, a formulación das actividades, o ter en conta – desde a lingua francesa- aspectos que tratan outros ámbitos do coñecemento e do desenvolvemento do suxeito...., ata a súa incorporación en tanto que parte esencial da programación de calquera nivel das diferentes proposicións didácticas.

INCORPORACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

Ao longo dos primeiros anos do século XXI, a revolución tecnolóxica acadou unha amplitude que a ensinanza, non pode e non debe, ignorar. Non se trata unicamente de incorporar as TIC no seo de actividades puntuais e como simples ferramentas que permitan facilitar a realización de certos procedementos (documentación, esquematización, presentación, etc.), senón de integralas no proceso de ensinanza/aprendizaxe aproveitándonos da súa potencialidade e dos seus recursos co fin de construír o coñecemento a través de camiños diferentes a aqueles utilizados habitualmente.

Neste sentido, a publicación no marco do proxecto dos Libros Dixitais adquire unha importancia especial, proxecto no que as novas tecnoloxías constituíu o eixe fundamental para a adquisición do coñecemento.

Isto non implica que as TIC se convertan desde este momento no único medio, porque o noso método non descarta os procedementos e os soportestradicionais.

Os encerados dixitais (EDI) constitúen outra ferramenta que non cesa de ter importancia. Os métodos que imos utilizar contan cun conxunto de recursos específicos que comprende actividades especialmente propostas para traballar o diagnóstico de coñecementos previos dos alumnos ou a motivación, soste o desenvolvemento dos contidos da unidade e axudar á súa revisión.

TER EN CONTA A DIVERSIDADE

O programa da Segunda Lingua Estranxeira debe ser flexible dabondo para adaptarse á diversidade de niveis que poden presentar os alumnos que teñen a posibilidade de comezar e rematar a súa aprendizaxe no curso de calquera ano ou etapa. Ademais, a escola actual non é un organismo

homoxéneo, monolítico, no que todos os alumnos deben ter un rendemento idéntico tomando os mesmos camiños e cos mesmos horizontes vitais. Actualmente, as clases de ESO son espazos que comparten e no seo dos cales evolucionan os axentes implicados no proceso de ensinanza/aprendizaxe (alumnos e profesores) e iso faise desde perspectivas moi diferentes no que concirne a aspectos tan diversos coma os intereses persoais, os ritmos de aprendizaxe, as capacidades, a orixe, etc., que deben ser considerados en todo momento co fin de sacar o mellor partido de cada suxeito en todo momento.

Os métodos do curso actual apuntan a ter en conta a diversidade desde múltiples perspectivas: desde a elección de diferentes contidos e soportes na creación dos materiais xerais para dar cabida aos intereses diversos dos alumnos, ata a creación de materiais didácticos específicos, que permiten combinar diferentes ritmos e orixes: páxinas e material de reforzo, de afondamento e unha primeira unidade específica para introducirse na lingua estranxeira ou revisar coñecementos de anos anteriores.

c) A metodoloxía por tipos contidos

O apartado dos contidos desenvólvese consonte tres pautas esenciais:

- As directrices do currículo de linguas estranxeiras na Educación Secundaria Obrigatoria.
- A selección dunha lingua auténtica que lle sirva ao alumnado para achegarse e comprender os/as adolescentes francófonos/as e que sexa verdadeiramente un vehículo de comunicación.
- Contidos motivadores para os/as alumnos/as a través do tratamento de temas próximos ás súas necesidades, aos seus intereses e ás súas experiencias.

REFLEXIÓN XERAL SOBRE A LINGUA

Gramática

A gramática que traballaremos é de tipo contextual, xa que nela tense en conta a dicotomía existente entre o oral e o escrito en francés. Os aspectos gramaticais seleccionáronse tendo en conta a súa función comunicativa.

A gramática abórdase e trabállase de xeito explícito en cada unha das unidades e leccións, tanto no *Livre de l'élève* como no *Cahier d'exercices*.

O procedemento adoptado é de tipo indutivo, partindo da observación sistemática por parte dos alumnos e que coa axuda do profesor reflexionan en común ata chegar ao coñecemento e formulación das regras gramaticais, aplicándoas a continuación e autocorrixíndose. De todos os xeitos, en cada unha das leccións atopamos pequenos cadros gramaticais, así como ao final do *Livre de l'élève* hai un resumo gramatical e de conxugación.

O profesor orienta e conduce os alumnos por medio da observación sistemática e de preguntas, para que descubran e reflexionen en común sobre o funcionamento da lingua francesa.

O papel do profesor non consiste en dar a solución ou enunciado a regra correspondente para a súa aprendizaxe de memoria, senón en axudar os alumnos a que cheguen ás súas propias deducións sobre o funcionamento do sistema lingüístico do francés.

Léxico

Préstaselle unha grande atención a un elemento imprescindible da comunicación; o léxico. Como xa se dixo anteriormente, o vocabulario está traballado a través do contexto de cada unha das unidades. Os temas tratados están moi próximos ao mundo dos/as adolescentes (saúdos, presentacións, materias, materiais escolares, gustos e afeccións, actividades cotiás, vacacións...).

Así pois, o vocabulario trabállase en actividades que presentan exemplos de uso das palabras novas que se adquiren en cada unidade, dándolle ao/ á alumno/a a posibilidade de empregarlas nun contexto lingüístico concreto. Igualmente, explótase o contexto por medio de indicios lingüísticos (*motstransparents* parecidos ou iguais en francés e en español) e extralingüísticos (xestos, sons, debuxos, etc.).

Fonética

O obxectivo principal da metodoloxía empregada no ensino do francés é que o alumnado poida comunicarse nesa lingua; así pois, o traballo sistemático da pronunciación é unha necesidade, xa que o erro pode converterse nun impedimento para que a comunicación se poida levar a cabo.

A corrección fonética, a relación entre son e grafía, a entoación e a prosodia traballaranse ao longo do curso escolar de forma sistemática e progresiva.

Os contidos socioculturais

Os contidos socioculturais son un dos piares sobre os que se fundamenta este método, xa que en cada unha das unidades os/as alumnos/as aprenden de forma implícita a través dos actos de fala nas diferentes situacións de comunicación, non soamente determinadas funcións lingüísticas

senón tamén a formulación de normas sociais, de certos costumes propios da cultura francófona, tales como o diferente rexistro que se debe utilizar en función da relación entre os/as interlocutores/as, a utilización adecuada das fórmulas de cortesía, é dicir, as diferentes maneiras nunha lingua e noutra.

Así pois, co explicitado anteriormente poderase conseguir que os/as alumnos/as se familiaricen coa nova cultura, ademais de que este coñecemento intercultural os/as axude a superar as diferenzas e as actitudes intolerantes debidas ao descoñecemento e a unha visión egocéntrica e moitas veces totalitaria do mundo.

Actividades

Neste método as destrezas comunicativas trátanse de maneira integrada. En cada unha das unidades (subdivididas nas correspondentes leccións), todas as actividades realízanse en catro vertentes:

- Comprensión oral.
- Expresión oral.
- Comprensión escrita.
- Expresión escrita.

Comprensión oral.

Avant l'écoute

Antes de realizar a actividade sensibilizaremos o alumnado sobre a situación de comunicación que lle imos presentar. Esta actividade realizarase por medio de preguntas do/a profesor/a: Exemplo: *Qui parle ?*, *Quel âge a-t-il / elle ?*, *Où il / elle habite ?...*

Après l'écoute

A escoita acompañase dunha tarefa concreta para realizar por parte dos/as alumnos/as para centrar a súa atención e axudalos/as a que distinguan entre a información importante e a accesoria. O máis importante é a posta en práctica de estratexias naturais de comprensión global.

Expresión oral.

As actividades orais poden ser de dous tipos:

Práctica oral controlada.

Nestas actividades os/as alumnos/as poñen en práctica, dunha forma controlada, aqueles aspectos lingüísticos (morfosintácticos, gramaticais, lexicais e de pronunciación) relevantes para unha correcta apropiación e a súa utilización posterior.

Práctica oral libre.

Son as actividades comunicativas que os/as alumnos/as realizarán dunha forma máis persoal e natural. Algunhas delas faranse en grupos de dous/dúas (poden facerse de forma que un/unha alumno/a saiba algo que o/a outro/a necesite para realizar a actividade). Os/as alumnos/as intercambiarán as informacións por medio de preguntas e respostas, de tal xeito que o intercambio de información se realice en francés dunha forma natural.

Comprensión escrita.

É importante ler nunha lingua estranxeira para recoñecer graficamente a lingua oral, para ampliar o vocabulario, para reforzar as estruturas practicadas oralmente, para mellorar a pronunciación e a entoación, para aprender a interpretar un texto con obxecto de extraer a información necesaria, para ter un modelo que axude o alumno a expresarse por escrito, e tamén porque a lectura é un vehículo de coñecemento da lingua estranxeira.

Nestes cursos de lingua francesa na ESO, o noso interese céntrase en estimular os alumnos a ler ben en francés. As destrezas que se pretenden desenvolver (recadar información, experimentar pracer ou ampliar o coñecemento), implican unhas destrezas previas tales como:

- Utilizar o coñecemento do mundo exterior para facer predicións sobre o texto.
- Ser capaz de deducir o significado de palabras descoñecidas a partir do contexto e ser capaz tamén de ignorar aquelas palabras ou frases que non son necesariamente relevantes para interpretar o texto.
- Ter suficiente habilidade para ler con rapidez un texto extraendo a información principal.
- Saber atopar e extraer información específica.
- Saber distinguir as ideas principais da información subsidiaria ou non relevante.

Expresión escrita.

A dificultade da expresión escrita reside en gran parte nas notables diferenzas entre a linguaxe falada e a escrita: cando falamos, facémolo case sempre con frases curtas e ás veces incompletas, nun estilo máis informal; as contradicións, nun estilo formal non poden caber; a diferenza entre a forma escrita e a pronunciación oral constitúe outra dificultade engadida. Ademais, o alumno está limitado non só polo feito de non dominar totalmente a lingua estranxeira senón pola propia tarefa de organizar ideas, construír parágrafos, e, en xeral, manexar as técnicas que caracterizan a lingua escrita. As actividades que se deseñaron para axudar o alumno no desenvolvemento da súa competencia no campo da produción escrita cumpren os seguintes requisitos:

- Fan pensar polo feito de resolver un problema.
- Son de carácter lúdico, entretido.
- Comunican algo.
- Teñen unha utilidade concreta para o alumno.

A utilización de textos variados e relacionados cos intereses dos alumnos crea situacións escritas simuladas, moi próximas á realidade. Referímonos a actividades nas que os alumnos, a partir dun modelo, terán, por exemplo, que describir ilustracións coa axuda de palabras dadas, facer pequenos resumos, inventar slogans, etcétera.

A integración das catro destrezas comunicativas realízase, fundamentalmente, na sección *Projet/ Tâche globale* (ao final de cada unidade), na que por medio dun traballo de tipo global os alumnos traballan as súas aptitudes orais e escritas. Son actividades que promoven a dinámica de grupo e desenvolven neles a imaxinación

e a creatividade.

Así pois, e de acordo con todo o exposto, traballárase para que o francés se converta no medio privilexiado de intercambio de informacións na aula, creando situacións de comunicación reais.

9. TEMPORALIZACIÓN.

Este curso propoñémonos cumprir coa distribución de contidos por trimestres que figura a continuación, mais sabemos que debido ó particular contexto socio sanitario no que nos atopamos trala chegada do Covid-19, no curso pasado, ao seguimento do protocolo de prevención (lavado de mans, desinfeccións, ventilación diaria, colas gardando a distancia de seguridade...) e ás ausencias por positivos (ou sospeita de positivo) en Covid-19 entre os alumnos, o alumnado de 2º de ESO comeza o curso con algunhas carencias do curso anterior, polo que se prevé que haxa que adicar tempo a ver e reforzar eses contidos.

2º E.S.O: (2 horas de clase semanais) Primeiro

trimestre: Unidades 0, 1, 2.Segundo

trimestre: Unidades 3,4.

Terceiro trimestre: Unidades 5,6.

*Este curso 2022-2023 non contamos con grupo de 3º nin 4º da ESO. A programación de de 1º de ESO farase no programa informático PROENS.

A adecuación de contidos e tempo irase marcando segundo as características de cada grupo; evidentemente, os alumnos principiantes de 1º de E.S.O empregarán máis horas nas primeiras leccións das unidades 0, 1 que se impartirán no 1º trimestre. É importante deterse un tempo razoable ó inicio, xa que é preciso que a nova lingua asente con solidez de cara ós cursos seguintes.

Ademáis, debe terse en conta que, como en calquera curso a temporalización dos contidos pode sufrir diversos cambios en función de diferentes circunstancias imprevisibles de antemán e que inflúen no proceso de ensino-aprendizaxe (nivel do alumnado, alta diversidade, festivos, incidentes de todo tipo, acordos cos alumnos para estimular a súa motivación, actividades complementarias que animen a cambiar a orde dalgúns contidos...)

10. CONTIDOS MÍNIMOS DA ESO.

Para coñecer os contidos mínimos do curso precedente durante o 21-22 que se van incluír no actual 22-23 en 2º da ESO,

2º ESO. FRANCÉS 2ª LINGUA

Bloque 1. Comprensión de textos orais

- Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.
- Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que estámoo familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula.
- Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito
- Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais

Bloque 2. Producción de textos orais

- Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións
- Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar
- Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.
- Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar
-
- Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

- Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese
- Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.
- Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.
- Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia.

Bloque 4. Producción de textos escritos

- Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou contencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.
- Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións
- Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas.
- Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.

Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe

- Identifica sons e grafas de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.
- Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.
- Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.

- Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
- Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.

Contidos sintáctico-discursivos do idioma francés :

Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*et*); disxunción (*ou*); oposición (*mais*); causa (*comme*); finalidade (*pour*); comparación (*le plus, le moins*); consecuencia (*alors*); explicativas (*parce que*).

Relacións temporais (*d'abord, ensuite, il y a*).

Exclamación (*quel + nom !, désolé !*); interxección (*si! Bravo !*). Negación (*pas de, rien*).

Interrogación (inversión (*V + Suj.*); *réponses (si, pron. tonique + oui/non*).

Expresión do tempo: presente; presente progresivo (*être en train de*); pasado (*passé composé avec avoir et être sans accords*); futuro (*futur proche*).
Introdución do condicional (fórmula de cortesía: *je voudrais*).

Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (frases simples + Adv. (ex: *souvent*); incoativo (*aller + Inf.*).

Expresión da modalidade: factualidade (*phrases déclaratives*); capacidade (*savoir*); posibilidade/probabilidade (*peut-être*); necesidade (*il faut*); obriga/ prohibición (*il faut, verbe devoir, impératif*); permiso (*pouvoir, demander*); intención/deseo (*je voudrais*); cortesía.

Expresión da existencia (*il y a, il n'y a pas*); a entidade (p. ex. *articles contractés, pronoms réfléchis, adjectifs démonstratifs*); a posesión (adxectivos posesivos dun e de varios propietarios); a cualidade (formación regular e irregular dos adxectivos).

Expresión da cantidade: plurais irregulares; números cardinais ata catro cifras; números ordinais ata dos cifras; *articles partitifs*). Adverbios de cantidade e medidas (*un (tout petit) peu, trop, pas assez + Adj., une boîte, un paquet*); o grao.

Expresión do espazo (*prépositions et adverbes de lieu (sur, sous,...), position, distance, mouvement, direction, provenance (venir + contraction de), destination (aller + contraction à)*).

Expresión do tempo: puntual (*demain matin, jeudi soir*); divisións (*en (année)*); indicacións de tempo (*demain, hier*); duración (*de... jusqu'à, en ce moment*); anterioridade (*il y a...*); posterioridade (*après*); secuenciación (*à partir de*); frecuencia (*d'habitude, une/deux/... fois par...*).

Expresión do modo.

11. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

O concepto de avaliación cambiou cos métodos actuais de ensino. As avaliacións tradicionais que se rexían por probas exclusivamente lingüísticas resultan hoxe moi limitadas. **Todo o proceso de aprendizaxe forma parte da avaliación** e inclúe o **traballo diario, a actitude, o rendemento na aula, os traballos**

realizados na casa e os cadernos persoais dos que o profesor podería levar control directo.

A avaliación debe axudar os/as alumnos/as a coñecer os seus logros, as dificultades e os seus progresos para poder mellorar e avanzar na súa formación. Trátase, en consecuencia, de desenvolver actitudes de responsabilidade nos/as alumnos/as, de forma que sexan cada vez máis autónomos/as na súa aprendizaxe, e de axudar o/a profesor/a á hora de medir os resultados para corrixir o que non resulte adecuado, proporcionándolle datos sobre a súa estratexia docente e poder cambiar o rumbo do seu traballo se é necesario.

Tras unha avaliación **Inicial** na que intentamos obter a maior información posible sobre a situación de cada alumno, levaremos a cabo unha avaliación formativa e sumativa.

- **Formativa** porque intentarás obter continuamente información sobre o proceso de aprendizaxe por parte do alumno, pero ó mesmo tempo estaremos recibindo unha información constante sobre a adaptación do mesmo ó sistema de ensino.

- **Sumativa** porque se trata de valorar o grado de consecución obtido por cada alumno respecto ós obxectivos propostos e a súa capacidade para afrontar a seguinte fase de aprendizaxe.

Ó tratarse dunha progresión en espiral, na que os distintos obxectivos se repiten regularmente nas distintas leccións, o alumno ten a posibilidade de poñerse o día, se en algún momento se queda descolgado polos motivos que sexa. O profesor realizará un seguimento constante do progreso do alumno, valorando a interese, a participación, o comportamento e a asistencia a clase.

Os procedementos de avaliación estarán en relación co logro da competencia comunicativa e o desenvolvemento e consecución das catro destrezas (comprensión e produción oral e comprensión e produción escritas) así como a reflexión sobre a lingua e os aspectos socioculturais. Nestos niveis de debutantes e elemental a avaliación formativa debe ser prioritaria. De todos modos, dado que no contexto escolar é necesaria establecer unha avaliación sumativa (cunha cualificación final), establecemos unha serie de liñas avaliativas referentes a cada unha das destrezas comunicativas.

En canto ós instrumentos de avaliación,

De cara á **avaliación formativa**, o profesor recada continuamente información sobre os alumnos no día a día, especialmente no tocante ás destrezas orais de comprensión e de expresión. Para seguir o desenvolvemento das destrezas escritas e poder efectuar correccións da ortografía máis personalizadas, o profesor recollerá de cando en vez os cuadernos dos alumnos, así como os seus *cahiers d'exercices*. Esta práctica permite corrixir erros dos alumnos antes de que se consoliden. Permite asimismo avaliar certos contidos actudiniais (o alumno ten tódalas fichas pegadas na súa libreta? Están por orde? Copiou día a día o escrito na pizarra? Cuidou e non deteriorou o seu caderno?)

De cara á **avaliación sumativa**:

- A expresión oral avaliarase na actividade de aula, nas interrelacións cos compañeiros e co profesor (expresión guiada con preguntas específicas (ex. *Como te chamas? Cantos irmáns tes?*). Pode tamén establecerse unha proba específica individual de expresión autónoma (unha *tarafa*), atendendo ós obxectivos de

- cada unidade: saber presentarse, decir onde se vive, falar da familia, etc. En ámbalas dúas avaliarase a corrección formal, a pronunciación, a soltura, nunha palabra, a capacidade para unha transmisión correcta da mensaxe.
- A comprensión oral avaliarase cunha ou varias probas de escoita ou na actividade de aula, tratando de comprobar a capacidade de comprensión sobre os temas das unidades: relacionar datos e imaxes, completar cadros verdadeiro-falso, situar obxectos no espazo, identificar obxectos ou imaxes, identificar e saber respostar ás mensaxes do profesor ou dos compañeiros.
 - A comprensión escrita avaliarase tamén con exercicios simples nos que a presenza da imaxe poderá aportar unha información clara e adicional á contida no propio texto: descubrir erros, completar imaxes, sinalar personas ou obxectos a partir do texto, ordenar diálogos, datos, etc.
 - A expresión escrita avaliarase con dous tipos de actividades. Exercicios simples de expresión guiada a partir dun modelo: pregunta-resposta, cadros recopilativos... Pequenas redaccións libres en torno ós temas recollidos nos contidos mínimos, como por exemplo, presentarse por escrito, explicar o que hai no seu estuche...
 - A reflexión sobre a lingua avaliarase tamén con exercicios simples de pregunta-resposta, encher ocios, completar frases a partir de imaxes, identificar funcións lingüísticas das palabras, conxugar verbos, transformar o xénero e o número das palabras, ou traducir textos sinxelos, etc.
- A dimensión social e cultural, avaliarase mediante os mesmos instrumentos cos que se avalían as catro destrezas comunicativas, pois estes contidos aparecen imbricados na propia lingua. Por exemplo, comprobamos se o alumno sabe cando debe tutear ou tratar de vostede nunha situación comunicativa (dimensión social) ó escoitar a súa intervención.

12. PROCEDIMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL.

O punto de partida de cada alumno/a (avaliación inicial) é importante para averiguar as necesidades de cada alumno e para saber cómo mellora ao longo do curso. A profesora fará unha serie de preguntas orais e se dese tempo unha pequena proba escrita de avaliación inicial en cada grupo, salvo en 1º de ESO onde os alumnos comezan a aprender a 2ª Lingua Estranxeira en Secundaria. Na proba poderá haber preguntas de gramática, vocabulario, conxugacións, algúns exercicios de comprensión e expresión escrita e de comprensión e expresión oral.

Asimesmo, tamén se lles preguntará ós alumnos como perciben a materia e modo de traballar do ano anterior, unha opinión que entendemos importante. Se o resultado destas probas fose negativo, a profesora podería tomar a decisión de empregar algunhas semanas a repasar contidos dos anos anteriores antes de empezar cos contidos propios do nivel.

Datas da avaliación inicial

Este ano as avaliacións iniciais de secundaria faranse os días 5 e 6 de Outubro.

13. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

a) A obtención da nota trimestral.

O resultado numérico entre 0 e 10 que o alumno debe recibir ó final de cada trimestre obterase tendo en conta dous valores:

• VALORES POSITIVOS da cualificación:

O 80% da nota trimestral correspóndese cos controis e exames trimestrais, que se farán normalmente ó final de cada unidade, e en función do desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe (normalmente dous por trimestre).

Estas probas constarán de 4 partes, unha por cada unha das 4 competencias propias da aprendizaxe dunha lingua estranxeira: a comprensión oral, a comprensión escrita, a expresión oral e a expresión escrita. Cada unha das partes contará un 20% da nota final e será necesario obter unha puntuación de máis de 3 puntos sobre 10 en cada unha das partes do exame para poder aprobar, a media coas outras partes non se fará no caso de obter menos de 3 puntos nalgunha destas catro competencias. Considerarase aprobado o exame a partir de 5 puntos na media destas catro partes.

Sen embargo, e por razóns loxísticas, a avaliación da expresión oral poderase realizar a cotío durante as clases sen que se faga unha proba específica ou facendo unha proba específica nunha data diferente a do exame escrito. Esta parte poderá ter forma de presentacións, exposición dun tema, descripciones ou posta en escena de situacións reais.

*Atención! Os alumnos e alumnas teñen a obriga de asistir ás probas e exames. Se un alumno ou alumna falta a un exame ou proba escrita ou oral, deberá xustificarse a súa ausencia documentalmente para poder optar a repetir a proba nos días inmediatamente posteriores á ausencia, en caso de que aínda haxa tempo de facela antes da avaliación. En caso contrario, a profesora poderá considerar a proba como suspensa.

• **O 20% restante da nota trimestral correspóndese co traballo persoal e diario** realizado polos alumnos, tanto no aula coma na casa, e do que o profesor vai tomando nota ó longo do trimestre. En cada trimestre poderán variar entre os seguintes:

- a constatación de que o alumno fai os deberes. A profesora tomará nota a cotío de se os alumnos non fan os deberes ou os teñen incompletos.

d) A obtención da nota anual de xuño.

Ao longo do curso realizarase avaliación continua, especialmente importante nunha materia como unha lingua estraxeira na que os coñecementos que se van adquirindo resultan necesarios para poder seguir avanzando. A avaliación continua implica que aprobar un trimestre supón a recuperación do anterior no caso de que estivese suspenso e, do mesmo xeito, suspender o último trimestre suporá un suspenso na nota final.

O resultado da terceira avaliación, cun exame no que se terán en conta contidos do todo o curso, será a nota final desta materia. Para superar a materia deberase acadar unha nota mínima de 5 no terceiro trimestre.

De non acadar unha media de 5 ou maior que 5, o alumno terá a posibilidade de realizar as probas e/ou tarefas realizadas en xuño para a avaliación final.

14. ATENCIÓN À DIVERSIDADE

Este método ten en conta a singularidade de cada alumno/a, en tanto que como persoa e en proceso de formación permanente lle pode achegar a grupo elementos positivos, factores de enriquecemento e de variedade na clase. Todo isto axúdanos: os/as alumnos/as en tanto que individualidades por separado progresan a ritmos distintos e teñen formas diferentes de aprendizaxe (ademais das súas vivencias persoais, familiares ou sociais).

Existe, nos materiais utilizados, un gran número de actividades para atender diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado. A profesora atenderá a eses alumnos da ESO que presenten dificultades de aprendizaxe con material do mesmo método ou proporcionándolles un material complementario que conteña diversas suxestións de actividades de reforzo para alumnos que presenten as ditas dificultades

O enfoque metodolóxico que imos utilizar ten en conta o anteriormente descrito, dándolle un tratamento globalizado ao traballo por medio de:

-A adaptación dos obxectivos, dos contidos e das actividades propostas na programación das unidades.

-As propostas de traballo graduadas e diversificadas para facer que a clase sexa agradable e produtiva para os/as alumnos/as.

-O método de traballo propón exercicios repetitivos, cancións, xogos, redaccións, debuxos, etc.

-A planificación de actividades con obxectivos comunicativos e extralingüísticos que fomentan a comunicación para que poidan ser traballados polo alumnado con diferentes niveis.

-As actividades do libro do alumno, xunto coas relacionadas co *Cahier d'exercices*, danlles a oportunidade de participar e axudarse entre si segundo as capacidades de cada un/unha. Todas estas actividades permítenlles aos/ás alumnos/as tomar decisións e desenvolver a autonomía.

-O fomento da participación e da colaboración entre os/as alumnos/as con diferentes capacidades, xa que posibilita o traballo en parellas e, sobre todo, en equipo. Unha actitude positiva de traballo e unha boa participación nas actividades de grupo serán moi importantes no seu rendemento posterior. A profesor/a axudará a que

os/as alumnos/as sexan conscientes disto.

- Profundar no coñecemento da cultura propia a partir das informacións socioculturais que transmite a lingua estranxeira.
- O método consta tamén de fichas fotocopiables que lle servirán ao/á profesor/a para observar o progreso do seu alumnado ao longo do curso.

Nótese que na materia de Francés 2ª Lingua Estranxeira non hai casos de alumnos con A.C.I.

15. TEMAS TRANSVERSAIS

A materia de idioma, tanto a primeira lingua coma a segunda, introduce doadamente entre os seus contidos o tema da transversalidade. O feito de presentar a realidade da vida diaria como marco para desenvolver a produción oral e escrita, á vez que a comprensión lectora, potencia a aparición duns elementos que apoiem os contidos lingüísticos, como ocorre en certa medida cos aspectos socioculturais. A diferenza destes, máis característicos do país e da lingua que é obxecto de estudo, os temas transversais abarcan un ámbito moito máis amplo e xeral, e pódense tratar de forma diversa. Nunha mesma unidade é posible encontrar distintos temas de transversalidade, mesmo de forma pasiva nunha ilustración, e á súa vez, un mesmo tema pode aparecer en varias unidades.

Temas transversais	Exemplos
Educación para a convivencia	Fórmulas de cortesía, familia, respecto aos demais, sentimentos, postais, cartas, invitacións, pluralidade de culturas que habitan en Francia, tolerancia. O mundo do traballo
Educación para a saúde	Actividades deportivas, bos hábitos, alimentación equilibrada, coidados e atención médica
Educación do medio natural	Protección á paisaxe, a ecoloxía, a reciclaxe, curiosidade polo contorno e a natureza, reservas naturais
Educación do consumidor	Responsabilidade nas compras, alimentos saudables, instrucións de uso Cartas de reclamación
Educación non sexista	Homes e mulleres coa mesma responsabilidade no traballo, mulleres en postos directivos
Educación para Europa e o resto do mundo	Símbolos de diferentes países, a francofonía, rótulos, cidades francesas e outras, consumo de determinados artigos noutros países, festas e celebracións, viaxes

16. ACCIONS DE CONTRIBUCIÓN Ó PROXECTO LECTOR.

O departamento de francés e colabora co proxecto lector respetando os 20 minutos de lectura diaria establecidos para todo o centro. Ademáis, dende a materia:

-A comprensión da lectura é a base dunha boa parte da aprendizaxe.

-A lectura dunha maneira ou doutra sempre está presente no transcurso das sesións lectivas da materia de Francés. Aparece na gran maioría das actividades das clases de Francés: na lectura en voz alta dos textos adaptados, de documentos auténticos, de cancións, de poesías..., na corrección en conxunto dos exercicios dos libros, dos cadernos e das fichas, na lectura silenciosa de textos, de actividades, de enunciados.

-Coa lectura deberíase lograr na materia de Francés entre outros moitos os seguintes obxectivos:

- Motivar as clases de francés
- Reforzar e consolidar, a través da lectura, as estruturas e o vocabulario que foron aprendidas no traballo da clase diaria.
- Utilizar a lectura como fonte de información para a escritura.
- Interesarse pola lectura como fonte de información, coñecemento e pracer e, en definitiva, perfeccionar o idioma a través da lectura.
- Aumentar a fluidez e velocidade lectora.
- Aumentar o vocabulario.
- Desenvolver a imaxinación e a creatividade.
- Apreciar o valor da comunicación como medio de enriquecemento persoal e colectivo.
- Aprender a respectar a quenda de palabra.

- PLAN ANUAL DE LECTURA NA MATERIA DE FRANCÉS:

1. Obxectivos:

Os obxectivos que fixa o departamento de francés para contribuír ó plan de lectura son:

- 1) Reforzar ou crear as destrezas básicas de lectura en calquera lingua, e na medida do posible, en lingua francesa.
- 2) Axudar a consolidar hábitos lectores nos alumnos, en calquera lingua.
- 3) Facer descubrir os beneficios de saber ler en linguas estranxeiras e fomentar así un plurilingüismo lector.

- 3) Procurar tempos e espazos para a lectura como fontes de pracer e de curiosidade.
- 4) Incorporar a lectura como método de formación integral do alumno/a: educación en valores, curiosidade por outras culturas e civilizacións (países francófonos), reflexión sobre problemáticas do que nos rodea.
- 5) Colaborar coas actividades relacionadas co ámbito lector que se desenvolvan no centro.

A lectura en lingua francesa, un novo reto:

Dende o departamento de francés contribuímos á promoción da lectura en xeral, mais tamén iniciamos ó alumnado a ler nunha lingua estranxeira, o que supón un novo comezo na práctica da lectura.

Neste caso o profesor non axuda a adquirir ou consolidar un hábito, senón que introduce e acompaña ó alumno nunha nova práctica onde:

- a relación entre las letras e os fonemas é diferente ó das súas linguas maternas.
- as palabras son novas, mais estas designan realidades que o alumno xa coñece e xa nomea nas súas linguas.
- o vocabulario que comprende é moitísimo máis escaso que nas súas linguas.

É por iso que, a maioría das lecturas propostas dende o departamento son lecturas adaptadas.

2. Metodoloxía e recursos:

O Departamento de Francés porá a disposición de todo o alumnado deste centro, cursando a materia francés, os libros de lectura dos que dispón. Ademais, se algún alumno/alumna ten especial interese nalgún libro, artigo de prensa ou tema de actualidade este departamento comprométese a facilitarillo ou mesmo mercalo.

As lecturas propostas dende o departamento están adaptadas ó nivel do alumno, contan con glosarios, axudas a pe de páxina ou mesmo inclúen exercicios de comprensión.

Nótese que o nivel de lingua en 2º da ESO non permite ó alumno facer lecturas moi avanzadas en francés. Os libros deben estar moi adaptados ós niveis iniciais. Polo que o departamento buscará actividades que fomenten a lectura en xeral (de por exemplo temas relacionados coafrancofonía) ademais das súas propias.

Nótese aínda así que a carga lectiva da materia de Francés é escasa no currículo do alumnado, polo que a extensión destas actividades será limitada.

Recomendaranse libros ou cómics axeitados ao nivel, e non olvidamos as amplias posibilidades que ofrece Internet para recoller notas de prensa ou calquera outro contido en textos reais nos seus diferentes formatos .

3. Actividades:

Posibles actividades que se poden promover dende o departamento:

- Cumplir coa “hora de lectura” do Plan Xeral de Centro, cando esta coincida en horario de clase de Francés.
- Exploración na biblioteca dos libros e cómics que orixinalmente foron escritos en francés.
- Pequenas presentacións en clase sobre clásicos da literatura francófona (Tintín, Asterix y Obelix, Titeuf, Lucky Luke, El Conde de Montecristo, Los Tres Mosqueteros, Cirano de Bergerac, Nuestra Señora de París (El jorobado de Notre Dame), Los Miserables..., El pequeño Nicolás...
- Presentacións de pequenos videoclips, curtas ou filmes en francés, facendo fincapé na lingua escrita. (La famille Bélier, Le petit Nicolas, Los Niños del Coro, On écrit sur les murs, cancións de Zaz...)
- Introducción á consulta de páxinas web en francés. A lectura de documentos reais da vida cotiá esperta a curiosidade do alumno polo mundo que orodea e axúdalle a entender a importancia de saber linguas estranxeiras.
- Implicación nas conmemoracións e efemérides (día do libro, da biblioteca, semana da prensa, ...) fomento das actividades de dinamización...
- Invitación de un contacontos en francés de orixe africana como actividade complementaria do curso 2022-2023 sempre que a situación socio sanitaria o permita.
- Creación dun clube de lectura en francés, dentro do marco do Clube de Lectura que xa existe no centro, utilizando os fondos de lecturas adaptadas do

departamento, como por exemplo:

- a) “Les Trois Mousquetaires” lectura adaptada do libro de texto *La Bande du Collège 1* que utilizaremos para 2º da ESO.
- b) “Les Misérables” lectura adaptada do libro de texto *La Bande du Collège 2* para 2º ou 3º da ESO.
- c) “La Belle et la Bête”, lectura adaptada do novo libro de texto *J’aime 1* que pretendemos ler en 2º da ESO. (41 exemplares)

4. Temporalización:

Para cada actividade que se desenvolva adaptarémonos ós seguintes factores:

- O ritmo do centro escolar, para implicarse nas conmemoracións e efemérides.
- O ritmo de avance dos alumnos, posto que o seu nivel de coñecementos e de comprensión limita o tipo de lectura que se pode facer.
- O calendario do Clube de Lectura do centro, ó que nos axustaremos para formar e comezar o noso Clube de Lectura en Francés.

Avaliacións

Avaliación inicial : 5 e 6 de outubro

Primeira avaliación:

Do 8 ao 22 de decembro (70 días)

Entrega de notas: 22 de decembro

Segunda avaliación:

Do 9 de xaneiro ao 31 de marzo (57 días)

Entrega de notas: 31 de marzo

Terceira avaliación:

Do 11 de abril ao 5 de xuño

Entrega de notas: 8 de xuño

Avaliación final: 22 de xuño

5. Itinerarios lectores.

O departamento conta cunha variedade de lecturas adaptadas a diferentes niveis e, no caso dos seguintes tres títulos, con exemplares suficientes para que toda a clase poida ler o mesmo:

- a) “Les Trois Mousquetaires” lectura adaptada do libro de texto *La Bande du Collège 1* de Santillana Français.
- b) “Les Misérables” lectura adaptada do libro de texto *La Bande du Collège 2* para 3º da ESO.
- c) “La Belle et la Bête”, lectura adaptada do novo libro de texto *J’aime 1* que pretendemos ler en 2º da ESO de Anaya/Clé International. (41 exemplares)

Despois de inventariar os títulos cos que contamos no departamento estudiarase a proposta á Biblioteca para a adquisición de novos títulos que non se atopen nel, coma:

- Lecturas adaptadas de FLE Collection – Lecture Poussins. Editorial Eli:
 - “PB3 Coco et le Clown” de Jane Cadwallader, A1, niveau 1.
 - “Henri et la Couronne” de Jane Cadwallader,
 - “Le passage secret” de Palome Bellini, A2, niveau 4
 - “Le petit Prince” d’Antoine de Saint-Exupéry, A1.
 - “Arsène Lupin” de Maurice Leblanc, A1, niveau 1.
 - “La guerre des boutons” de Louis Pergaud, A2.
 - “Le malade imaginaire” de Molière, A1, niveau 1.
 - “Un souvenir d’Égypte” de Marye Flagan, A2.
 - “Le tour du Monde en 80 jours”, A1, niveau 1.
 - “Cyrano de Bergerac” d’Edmond Rostand, A2.

6. Avaliación.

Realizarase unha avaliación subxectiva e directa conversando cos alumnos lectores e participantes no clube de lectura. Na maioría dos casos o avance nas súas capacidades e actitudes ante a lectura e a redacción e a búsqueda de información constatarase ó reunirse e conversar con eles. Mais non se descarta que unha lectura de clase poida ser avaliada dentro das probas obxectivas convencionais, en forma de pregunta escrita nun control ou exame e en horario de clase.

Datas das avaliacións:

Avaliación inicial : 5 e 6 de outubro

Primeira avaliación: 20 de decembro

Segunda avaliación: 29 de marzo

Terceira avaliación: 6 de xuño

Avaliación final: 22 de xuño

17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN TIC.

O acceso á información que teñen hoxe en día os nosos alumnos de secundaria a través de medios de comunicación e medios informáticos (Internet, software específico), ofrece moitas posibilidades á hora de facer que o alumno sexa o protagonista da súa propia aprendizaxe.

O Departamento de francés contribuirá ao desenvolvemento das TIC na medida do posible, tendo en conta que os recursos do centro son limitados, pois só hai unha aula de informática con 14 ordenadores, e esta estará ocupada varias horas á semana para impartir a materia de Informática, sendo realmente imposible o acceso á dita aula cos alumnos de 4º de ESO dado que esta materia comparte opcionalidade coa materia de Informática.

As novas tecnoloxías resultan moi útiles na aprendizaxe de linguas. Intentarase que os alumnos utilicen a aula de Informática coa maior frecuencia posible. Realizarán exercicios en línea relacionados cos contidos estudados na clase: traballarase fundamentalmente a comprensión oral e escrita e os coñecementos de gramática e vocabulario.

O departamento conta ademáis com algúns Cd-roms cos que practicar a gramática e o vocabulario.

No ordenador da aula proxectaranse vídeos, como os das cancións de Alain Le Lait e actividades online en francés que teñen a miúdo boa acollida entre o alumnado. Actividades deste tipo son por exemplo as do portal Pointfle. Na pizarra dixital poderemos ver cuartas, fragmentos de películas ou calquer tipo de documento audiovisual.

Outra posible proposta é a do portal Polarfle. Trátase dunha investigación policial na que os alumnos teñen que ir completando exercicios de vocabulario, de gramática, de conxugacións, de comprensión escrita e ir superando diferentes niveis ata poder resolver o enigma.

Os alumnos tamén buscarán información en Internet relacionada cos contidos culturais que aparecen nos libros de texto (biografía de personaxes famosos, acontecementos históricos, lugares, gastronomía...) e utilizarán eses datos para facer traballos en grupos, exposicións, carteis...

Dende o departamento daráselles consellos sobre como utilizar os dicionarios on-line e advertiráselles sobre os marxes de erro dos tradutores online.

18. EDUCACIÓN EN VALORES.

Dende o departamento apoiarase a labor educativa en diferentes valores (de aprendizaxe, persoais, humanos e traballo):

- Respecto polas normas de comportamento que facilitan a convivencia en grupo.
- Rexeitamento dos xuízos precipitados baseados só nas aparencias.

- Valoración positiva da amizade e o compañeirismo dentro e fóra da aula.
- Sensibilización ante a necesidade de respecta-los dereitos e as obrigas de tódolos membros da unidade familiar.
- Valoración positiva da lingua estranxeira como medio para coñecer outras xentes e outras culturas.
- Reparto equitativo das tarefas no fogar sen discriminacións por razón de sexo.
- Rexeitamento das discriminacións baseadas no sexo, raza, crenzas, discapacidade... das persoas.
- Contribución á visibilización das mulleres ao longo da historia.
- Recoñecemento da aportación das mulleres ó desenvolvemento do coñecemento humano.
- Valoración do esforzo individual e da liberdade persoal como motivación para o alumnado.
- Promoveremos una educación para a paz , salientando a solidariedade e a tolerancia nas aulas, rexeitando calquera tipo de acoso escolar.
- Sensibilización ante a necesidade de recicla-lo lixo para protexe-lo medio ambiente.
- Sensibilización para coidar o entorno e evitar actitudes que prexudican a todos e todas: prevención de incendios forestais.
- Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

O tratamento da educación en valores no FLE maniféstase de dúas formas:

Mediante a actitude de traballo na clase, na formación dos grupos, nos debates, nas intervencións e directrices do profesor, etc.

Nos materiais púxose especial coidado en que nin na linguaxe, nin nas imaxes, nin nas situacións de presentación de temas existan indicios de discriminación por sexo, nivel cultural, relixión, riqueza, aspecto físico, etc.

Ademais desta presentación xeral, algúns temas especialmente implicados son os seguintes:

Educación moral e cívica: calquera actividade na que aparezan diferencias de raza, relixión, etc., poden servir de motivo para fomentar valores de solidariedade, igualdade e cooperación entre os seres humanos

- Educación do consumidor: actividades que axudan a fomentar unha actitude crítica ante o consumo. As actividades concretas orientadas a este fin son numerosas.
- Educación ambiental: en determinadas actividades preséntanse e analízanse intencionadamente temas vinculados á educación ambiental, como a importancia da reciclaxe para coida-lo medio, a necesidade de evita-la contaminación dos ríos para conserva-la biodiversidade, o problema da seca, etc
- Educación non sexista: as actividades que se desenvolven en grupo favorecen a comunicación dos alumnos e fomentan actitudes desexables de convivencia e de igualdade entre os sexos

19. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN Ó PLAN DE CONVIVENCIA.

- Potenciar actividades que favorezan o respecto mutuo.
- Desenvolver o interese polo traballo cooperativo e solidario, fomentando o traballo en equipo. Na nosa materia o traballo en parella e en grupo é práctica habitual.
- Propiciar a colaboración coas familias.
- Colaborar constantemente co equipo de orientación, coas titoras e titores.

Ademáis, o sistema de avaliación do departamento de francés ten en conta moi estritamente o proxecto de convivencia do centro.

20. PLAN DE SEGUIMIENTO E DE RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Os criterios de cualificación para a avaliación de materias pendentes establecidos polo **Departamento de Francés**, quedan do seguinte xeito:

1) Para os alumnos que non cursan francés este ano: REALIZACIÓN DE 3 CADERNOS DE RECUPERACIÓN + EXAMES DE PENDENTES.

A partir do mes de outubro, o alumno/a recibirá unha serie de actividades que se corresponden cos contidos mínimos do curso anterior, distribuídos en tres entregas. Estas serviránlle como referencia para preparar **dous exames parciais de recuperación (ou un final en maio)**, cuxas datas, estipuladas polo centro, adoitan ser nos primeiros días de decembro para o primeiro exame e a mediados de marzo para o segundo. O alumno/a deberá ir facendo estas tarefas, preguntando á profesora aquelas dúbidas que lle vaian xurdindo e entregándollas para a súa corrección antes de cada exame parcial. É imprescindible isto último para poder optar a recuperar mediante este procedemento.

O valor numérico das actividades entregadas será de 2 puntos e o de cada exame de 8 puntos.

A nota de cada proba ha de ser igual ou superior a 5 puntos para recuperar cada un dos parciais. A nota final pode alcanzar ata o 10.

No caso de que o alumno ou alumna dea proba dunha excelente progresión na aprendizaxe ó ir facendo as actividades que se lle entregan, considerarase a posibilidade de que poida recuperar a materia sen ter que asistir ós exames de recuperación cuxas datas serán estipuladas polo centro.

A profesora do departamento quedará á disposición do alumnado para resolver as dúbidas que este teña dentro dun horario que conveña a ambas partes.

2) Se o alumno/a cursa FLE neste curso, e ten pendente a materia do curso anterior ten dúas vías de recuperación:

a) REALIZACIÓN DE 3 CADERNOS DE RECUPERACIÓN + EXAMES DE PENDENTES.

b) Da mesma maneira, poderá superar a materia se aproba as **dúas primeiras avaliacións da materia de Francés do curso de nivel superior noque se atope matriculado/a**. Por esta vía, o valor numérico da materia pendente non poderá ser superior a 6.

Se o alumno/a non aproba segundo os criterios anteriores, será convocado a un **exame final** a mediados **de maio** con todos os contidos mínimos da materia do curso que ten suspenso. Recuperará sempre que consiga unha nota igual ou superior a cinco (5) puntos.

● **Consideracións xerais:**

Todos os alumnos cunha materia pendente do curso anterior suspensa (de Francés ou de calquera outra materia) **recibirán unha nota por trimestre. Todo alumno que non supere o 1º e o 2º trimestre da materia pendente (por calquera dos dous supostos) ten dereito a acudir ó Exame de Pendentes de maio.**

Para os dous supostos, 1) e 2), no caso de que o alumno/a non supere a materia en maio/xuño por ningún dos procedementos descritos anteriormente, poderá presentarse ás **probos extraordinarias que se celebrarán nos últimos días de xuño.**

21. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Este curso contábase recuperar a liña de anos anteriores repetindo actividades complementarias que tiveron moi boa acollida entre os alumnos de francés no curso 18-19. Inicialmente as propostas eran as que seguen:

- 1- A visita da Food Truck “Crêperie la Marinière. Crêpes de Bretagne”, para degustar crêpes e aprender a facelas. Para a realización desta actividade é preciso contar coa axuda orzamentaria do CPI (partida para Actividades Extraescolares).
- 2- A visita dun contacontos en francés (Producciones Omis) que podería ser encadrada en colaboración ca Biblioteca e o Plan lector do centro.

Mais as actividades Extraescolares non se puideron levar a cabo durante o curso 21-22 debido as limitacións motivadas polapandemia de covid-19. De cara a este curso, o departamento conta organizalas novamente.

De ser posible facer máis propostas a nivel de temporalización e de presuposto e de situación sanitaria, o departamento poría en marcha as actividades antes citadas, e estudaría as seguintes propostas para este curso ou para os seguintes:

- facer acudir algunha obra de teatro en francés ó centro, ou desplazarse a Vigo ou Ourense para vela.
- acudir a algún pase de cine en francés para escolares da Alliance Française en Vigo.
- realizar pequenas exposicións no centro sobre aspectos relacionados coa francofonía.
- Cine: pase de películas en francés.
- participar cos alumnos nalgún concurso.
- intercambiar correspondencia con alumnos francófonos.

De xurdir á posibilidade de levar a cabo algunha outra actividade, informarase á coordinación de Actividades Extraescolares e reflexarase nun anexoá programación e no libro de actas do Departamento.

Asimesmo e coma sempre, o Departamento de Francés queda disposto a colaborar en todas as actividades extraescolares que se propoñan no CPI, como por exemplo, traducir receitas de sobremesas do galego ou do castelán ao francés co gallo dos Carnavais; recitais de poesía, relatos curtos nos que interveñan os departamentos de linguas; xincana de Nadal, cantigas polo Nadal ...

22. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

- A profesora anotará trimestralmente os obxectivos da programación acadados por nivel e grupo, as dificultades atopadas e reflexionará sobre posibles medidas a adoptar. Deixarase constancia deses puntos nas actas de Departamento.

-Na Memoria final, aparecerá un balance por niveis destacando se os obxectivos se cumpriron. En caso negativo, recollerá as modificacións que foron necesarias aportar e as recomendacións a ter en conta na programación do curso seguinte.

A reflexión sobre a adecuación da propia programación poderá estar alimentada polas seguintes preguntas:

- a) Contamos os xefes de departamento con tempo, formación e medios suficientes para elaborar unha programación exitosa?
- b) Os obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación da programación están correctamente encadrados no marco lexislativo? Edícir, respectan o currículo oficial?
- c) A lexislación vixente propón obxectivo, contidos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación que se axusten á realidade das aulas?
- d) Os contidos da programación serven efectivamente para facerlle acadar os obxectivos didácticos ós alumnos?
- e) A avaliación dos alumnos permite saber se o alumno acadou os obxectivos didácticos propostos?
- f) A programación ofrece actividades de xeito a mellorar as competencias básicas dos alumnos?
- g) Que aspectos da metodoloxía foron os máis motivadores e os menos motivadores para os alumnos?
- h) Cales foron especialmente rentables ou inadecuados para aprendizaxe do alumno?
- i) Cambiaríase algún? Potenciaríanse máis os rentables de cara á seguinte programación?
- j) Apreciaron os alumnos a metodoloxía escollida nesta programación?

Asdo: Gabriela Hernández Fernández.